



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DENAIS, PAIS TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.* a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a 2 pai/nai, dos 5 que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata o 6 de novembro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas dende o 29 de Outubro ata 8 de Novembro ás 14:00 horas, ámbolos dous incluídos.

4.- **O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as , o día 11 de novembro .** Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores legais dos alumnos/as matriculados/as no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

6.- **As votacións realizaranse neste CEIP Plurilingüe o o día 20 de novembro, de 15:30 a 17:30horas.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 15:30 horas.

7.- Na papeleta de votación cada elector fará constar 1 nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

8.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos/as.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vila de Cruces, 23 de Outubro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: Silvia Rodríguez Gómez